

Conceptos e exercicios de logopedia

A linguaxe é unha facultade exclusivamente humana que serve para a representación, expresión e comunicación de pensamentos ou ideas mediante un sistema de símbolos. Estes símbolos poden ser emitidos de xeito oral ou gráfico. Nas escolas podemos atopar nenos que teñen problemas para expresarse claramente cando están falando.


Debemos ter presente que moitas destas dificultades teñen un carácter evolutivo e mellóranse a medida que os órganos fonadores se van desenvolvendo no seu crecemento habitual. Eso non é impedimento para que os mestres traballemos cos nosos alumnos de xeito individual para tratar de correxir estas situacións.

Neste traballo propoño unha pequena táboa onde se recollen os trastornos lingüísticos orais máis habituais, e tamén propoñemos unha serie de exercicios que nos poden valer para traballar na aula.



Conceptos e exercicios de logopedia

	Este exercicio consiste en mover a mandíbula, sendo o propio alumno o que se axude coa man.
	Débese abrir e pechar a boca o máximo posible .
	Movimentos de mandíbula sen a axuda das mans.
	Mover o máximo posible a boca, movendo os músculos que estan sobre o beizo superior.
	Acción de mover o máis posible a boca, movendo os músculos que van do pescozo ao rostro.
	Tragar saliva varias veces o máis rápido posible.




Conceptos e exercicios de logopedia

	Tratar de agrupar os beizos o máis rápido posible.
	Estiralos beizos o máximo posible cara as comisuras .
	Fruncir os beizos cara a dereita e esquerda e cara arriba.
	Facer asubíos.
	Hinchar os beizos con movementos rotatorios.



Conceptos e exercicios de logopedia

	Masaxe lingual que pode ser cun guialinguas ou directamente cos dedos.
	Acción de doblar a lingua cara atrás e logo cara arriba.
	Abrila boca e subir e baixala lingua.
	Acción de mover a lingua en sentido rotatorio dentro da cavidade bucal.
	Acción de movela lingua en sentido rotatorio pola parte externa dos beizos.
	Acción de sacar e metela lingua estreitándoa polos beizos.



Conceptos e exercicios de logopedia

	Acción de inspirar, recalcando os movementos torácicos e da clavícula.
	Acción de inspiración e espiración a través das dúas fosas nasais ao mesmo tempo.
	Acción de inspiración polas fosas nasais, retendo o aire por algúns segundos.
	Acción de expulsión do aire lentamente, mantendo esta posición durante algúns segundos.

As imaxes deste traballo foron tomadas de Pérez Lerga, J. (1990): Metodo de Logoterapia. Servicio editorial da Universidade do País Vasco



Índice

Introdución	1
Alteracións	2
Exercicios bucofaciais	3
Exerc. de beizos	4
Exercicios de lingua	5
Exerc. de respiración.....	6

